



Delegación de Medios - Diocese de Lugo

anosavoz

Boletín Electrónico de Información Diocesana

Año 5 – nº 237

XLIX Xornada Mundial das Comunicacións Sociais

**Domingo, 17 de maio de 2015
Solemnidade da Ascensión
do Señor**



Comunicar a Familia

Ambiente privilexiado do encontro na gratuidade do amor



A persoa consagrada está en misión en virtude da súa mesma consagración e participa na misión de Cristo cun elemento particular e propio: **A vida fraterna en comunidade para a misión**. A vida consagrada será, pois, tanto máis apostólica canto máis íntima sexa a entrega ao Señor Xesús, máis fraterna a vida comunitaria e máis ardente o compromiso na misión específica do Instituto.

CONTIDOS

Xornada Mundial das Comunicacions Sociais

[Oración polos cristiáns perseguidos](#)

[Xornada de Portas Abertas do Seminario e Encontro vocacional](#)

[Asemblea de Catequistas](#)

[Celebracións de San Pascual Bailón e Santa Rita de Casia](#)

[Concertos organizados por Mans Unidas e a Coral do Hospital](#)

[Semana do Apostolado Segrar](#)

[Libros de Miguel Ángel Álvarez e Jesús Río Ramilo](#)

[Carta dos bispos de Galicia con motivo da campaña de sensibilización relixiosa escolar](#)

[Encontro de beneditinos da Península Ibérica en Samos](#)

[Notas breves](#)

[Fotos e webs da semana](#)

Xornada Mundial das Comunicacions Sociais

Da mensaxe do Papa Francisco para a Xornada das Comunicacions Sociais 2015, entresacamos algunhas frases:

A familia máis fermosa é a que sabe comunicar, partindo do testemuño, a beleza e a riqueza da relación entre home e muller, e entre pais e fillos.

Podemos dar porque recibimos, e este círculo virtuoso está no corazón da capacidade da familia de comunicarse e de comunicar; e, máis en xeral, é o paradigma de toda comunicación.

Para testemuñar que o ben é sempre posible, bendicir en lugar de maldicir, visitar no canto de rexeitar, acoller en lugar de combater.

[[Materiais](#)]

Asemblea de catequistas

A Delegación Diocesana de Catequese invita a participar na xa tradicional Asemblea de catequistas que este ano se celebra o día **16 de maio** no Seminario. Será un día para compartir e formarse, co seguinte programa:

- 10.45h Acollida
- 11.00h Oración e presentación
Aplicacións á catequese a partir da Exhortación *Evangelii Gaudium*
- 12.00h Diálogo sobre o tema
- 12.30h Descanso
- 13.00h Eucaristía
- 14.00h Comida
- 15.30h Proxección audiovisual
- 17.00h Despedida e envío.

Semana do Apostolado Segrar

A Delegación de Apostolado Seglar de Lugo, coa colaboración da Delegación de Misións, invita a toda as persoas, en especial aos laicos, a vivir con gozo a festa do Espírito Santo.

As actividades previstas nesta intensa semana son:

O luns **18 de maio**, ás 20:00 h., no salón de actos do Seminario Maior de Lugo, en colaboración coa Delegación de misións, haberá unha charla do crego Rolando Ruiz Durán, misionero xaveriano, que falará do Decreto *ad gentes* en España.

No mesmo escenario, no salón de actos Seminario de Lugo, o venres **22 de maio**, ás 20:00 h., contaremos coa presenza de D. Jesús Fernández González, bispo auxiliar de Santiago de Compostela, que impartirá unha charla en torno ao lema da CEAS para este ano: “A familia acolle e transmite a luz”.

Ao día seguinte, o sábado **23 de maio**, a vixilia de Pentecoste será nunha periferia da cidade do Santísimo, sendo por primeira vez na parroquia de S. Lourenzo de Albeiros de Lugo, e comezará ás 19:00 h..

O día grande da Igrexa, o Día da Acción Católica e do Apostolado Seglar, é o domingo **24 de maio**, no que celebraremos a solemnidade de Pentecoste cunha Eucaristía, presidida polo noso Bispo, D. Alfonso Carrasco Rouco, na Catedral de Lugo, ás 13:00 h.

Festa de San Pascual Bailón

O sábado **16 de maio** hai unha Eucaristía, con rezo de vésperas, que se celebrará ás 18,30 horas no Altar do Bo Xesús da Catedral para honrar a San Pascual Bailón, patrón das seguintes asociacións eucarísticas: Adoración Nocturna, Confraría do Santísimo Santísimo, A.R.P.U., Apostolado da Oración e Marías dos Sagrarios. Todos xuntos e os que se queiran unir rogarán a mediación do patrón para a boa marcha de todas e cada unha das mencionadas asociacións, e para que non se arrefría nunca o fervor eucarístico na "Cidade do Sacramento", senón que máis ben aumente o número de devotos da mesma.

Novena en honra a Santa Rita de Casia

A igrexa das Agustinas (Lugo) acolle a partir do día 14 a Novena en honra a Santa Rita de Casia. O horario é o seguinte: ás 10h é a Misa e a Novena; ás 18:40h Rosario, Novena e Misa. Nas misas dáse a bicar unha reliquia da santa. O día 22 as misas son ás 9h, 10h, 11h e 18:40h

Concerto a beneficio de proxectos de Mans Unidas


O vindeiro domingo día **17 de maio** de 2015, ás oito da tarde, no Salón Rexio do Círculo das Artes de Lugo, celebrarase un Concerto no que intervirá a Banda Municipal de Lugo, dirixida por Rosendo Ivorra Jover, e o Orfeón Lucense, dirixido por Marcos Manuel Fernández Mosquera.

As entradas poden adquirirse no local de Mans Unidas situado na rúa da Cruz, 1 B, 1º en horario de 11 a 13 horas, teléfono 982 25 55 67; ou no propio Círculo das Artes desde unha hora antes do concerto. Todo o diñeiro recadado cos 5 euros de donativo que custa cada unha, será destinado aos dous proxectos que se financian este ano por parte de Mans Unidas da diocese de Lugo no terceiro mundo: o primeiro en Ghana consistente na construción dun pavillón cirúrxico, e o segundo en India de mellora da situación sanitaria en 15 pobos co 95% da súa poboación por baixo do limiar da pobreza.

Actuación da Coral do Hospital de Lugo

O **xoves 21** ás 20:30h no Círculo das Artes hai unha actuación da Coral do Hospital de Lugo. A parte final do concerto consiste nunha estrea, con interpretación de *Indianas Seis canciones para cuarteto vocal o coro y piano* de Carlos Guastavino (1912 – 2000). Aurelio Chao estará ao piano.

Libros de Jesús Ríó Ramilo e Miguel Ángel Álvarez



Calquera peregrino ou visitante que se acerque á Romaxe da Nosa Señora dos Remedios da Ermida dispón dunha completa guía que axuda a vivir o presente e o pasado da Romaxe.

Nunha primeira parte o lector ve como esa historia de fe concreouse nun patrimonio visible no templo, nos seus ornamentos, destacando o crismón.


Nunha 2ª parte detállase toda a rica tradición que durante 4 séculos polo menos foi xerándose en torno á procesión da Nosa Señora dos Remedios, a peregrinación e posterior procesión coas pampórnigas a figura do meco, as cantigas, os exvotos.

E na terceira parte fálase da advocación de Nosa Señora dos Remedios e de como, a través desta festa da Nai de Deus os devotos peregrinan á Ermida, sendo postos así en relación coa historia da salvación do seu fillo.

Miguel Ángel Álvarez vén de ampliar o seu abano comunicativo. Ás homilías, á fotografía, ás súas intervencións na radio e nas redes sociais, agora únese a comunicación a través do libro titulado *Falando baixiño. Reflexións ó abeiro da fe*.

Os temas son moi variados, sempre sacados da vida cotiá. Son circunstancias que calquera pode vivir, por iso o que se conta na obra resulta moi próximo ao lector, e preséntase evitando os lugares comúns, os tópicos, polo que ademais, fai pensar. E a mensaxe chega ben por utilizar unha linguaxe sinxela.

Miguel Ángel Álvarez ten moi claro onde reside o sentido da vida e transmíteo de forma contundente.



Carta dos bispos de Galicia por mor da campaña de sensibilización relixiosa escolar

Queridos pais:

Nestas semanas, como pais, estades xa tramitando a matrícula escolar do vindeiro curso, conscientes da importancia e o esforzo que supón a educación dos vosos fillos e fillas. Nela está en xogo a súa preparación como persoas que poidan responder aos desafíos da vida e aos compromisos sociais.

1.- Lograr unha educación de calidade é un empeño de toda a comunidade educativa (pais, alumnos, profesores). Só así se pode lograr unha educación integral da persoa, da que forma parte a dimensión relixiosa, constitutiva do ser humano e do seu xeito de estar no mundo. Por iso, pedímosvos que inscribades aos vosos fillos, no momento da matriculación, na materia de Relixión Católica.

2.- A presenza do Ensino relixioso nos centros educativos é un dereito que tedes vós, os pais, e que as autoridades educativas deberán garantirvos para que poidades optar por ela con plena liberdade, evitando toda discriminación e en igualdade de trato que o resto das demais materias.

3.- Ademais esta solicitude ha de ser consecuencia lóxica da vosa condición de pais crentes e dos compromisos adquiridos no día do seu bautizo. Non solicitala sería, sen dúbida, un contrasentido con eses compromisos.

4.- O Ensino Relixioso axudará aos vosos fillos e fillas a profundar na mensaxe de Xesús e a reflexionar e entender mellor a fe que lles transmitistes. Poderán comprender así os criterios, valores e actitudes que lles permitan unha convivencia positiva na vida; coñecerán o sentido relixioso da nosa cultura, chea de costumes, festas e ritos impregnados polo cristianismo; capacitaráselles para un diálogo entre fe e cultura nun mundo pluricultural e pluri-relixioso.

5.- Non vos deixedes influír polas opinións do laicismo excluín-te que quere marxinar a expresión e vivencia relixiosa da vida social. Trátase simplemente dunha ideoloxía que pretende ocupar o sitio da fe cristiá na mente dos nosos mozos. O Ensino Relixioso non é un privilexio da Igrexa, senón consecuencia lóxica da vosa condición de pais crentes.

6.- Agradecemos o esforzo que fai o profesorado de Relixión e pedímoslle que coa súa palabra e o seu testemuño de vida transmitan a mensaxe de Xesús e procuren poñer a súa verdade e a súa beleza ante os ollos da razón dos seus alumnos.

7.- En conclusión, pedímosvos que asumades a vosa responsabilidade de pais crentes e que pidades Relixión Católica en todos os centros educativos. Estade seguros que os vosos fillos e fillas atoparán nela o coñecemento que lles axudará a ver a vida e actuar nela con sentido de verdade, xustiza e solidariedade.

Samos acolle un Encontro Ibérico Monástico das comunidades benedictinas

Entre os días 18 e 22 de maio celébrase no Mosteiro de Samos un Encontro Ibérico Monástico das comunidades benedictinas de España e Portugal (29 comunidades femininas, 12 masculinas).

Trala oración de Laudes, o día 19 de maio o sacerdote D. Andrés Villar falará sobre a “Unión de Comunidades”. Pola tarde, o relatorio será sobre a “Comunidade Asistencial Monte Sión” a cargo do P. Isidoro Anguita, Abade de Santa María de Huerta.

O día 20 de maio, o P. José María Soler, OSB, Abade de Santa María de Montserrat comunicará o seu relatorio “Autonomía dos Mosteiros na Congregación Sublacense Casinense. Agregación de mosteiros femininos”. Pola tarde, a M. Kándida Saratxaga, Abadesa de Santa Ana de Lazkao falará sobre “A Congregación de Castilla: unha Congregación monástica feminina”.

Finalmente, o último día do Encontro estarán presentes o Secretario e o Subsecretario da Congregación vaticana para os Institutos de Vida Consagrada, Mons. José Rodríguez Carballo e Sebastiano Paciolla, respectivamente.

Notas breves

Día 15 ás 18:30 h no convento das carmelitas en Muxa, rosario e Eucaristía en honra a Santa Teresa de Xesús

Entre os días 15 e 17 hai unha **peregrinación a Fátima**

O vindeiro sábado 16 hai **convivencia xuvenil en Sarria** organizada pola Delegación de Xuventude.

Os colaboradores da **revista Lucensia** teñen unha convención tamén o sábado ás seis da tarde no Seminario con motivo da publicación do número 50.

O domingo 17 conclúe a **Gran misión** nas prazas.

Os fregueses de Quiroga peregrinan aos **Milagres de Saavedra** o sábado 23.

A Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia convoca un **Concurso de Contos Hipercurtos 2015** Poden presentarse este mês mediante o formulario habilitado en www.fedboscogal.org

Fotos da semana



Membros do clero lucense que celebran as vodas de ouro sacerdotais, acompañados do señor Bispo



Celebración final da xuntanza do IEF en Galicia, cos nenos de Abertal, Amencer, Abeiro e Ateibo na igrexa da Milagrosa, Lugo

Páxinas web de interese

A HORTA SOLIDARIA DO SEMINARIO DE LUGO

A nosa Horta Solidaria xurdiu hai dous anos e medio cando un misioneiro retornado (Ramón Jacobo Bermúdez) propúxonos plantar unhas árbores froiteiras nunha horta abandonada en Santa Comba, unha aldea dos arredores de Lugo, preto de Nadela. Plantamos 20 froiteiras e desbrozamos o terreo. Como a extensión para árbores era escasa, pareceunos que podíamos completar a tarefa recuperando o espazo que antigamente estivera dedicado a horta.

Proxecto
EnCargados

Contacto
natural

Argallamos,
fabricamos e
inventamos

Alimentación

Contos

Traballos sob
a auga

Ganadores del VI Festival de @Clipmetrajes

**Los mejores videos
de un minuto,
de contenido solidario
para sensibilizar
en lucha contra
el hambre, la pobreza
y sus causas.**

